# ANEXO Á PROGRAMACIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS 2018-19 .Figuran as dúas materias impartidas que teñen carácter de novidade.Xeografia e Hª de Galicia . E 1º curso de FP Básica.

# DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA XEOGRAFÍA E HISTORIA DE GALICIA 2º BACH. PROGRAMACIÓN LOMCE

**Índice**


1. **Introdución e contextualización**.......................................................................2
2. **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**......................................3
3. **Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da Xeografía e Historia de Galicia que forman parte dos perfís competenciais** ......................................................................4
4. **Concreción de obxectivos por curso** ......................................................... 10
5.-**Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e temporalización)**.............................11
6.- **Criterios de cualificación** .........................................................................23
7.- **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente**.............24
8.-**Metodoloxía**..................................................................................... 25
9.- **Medidas de atención á diversidade** ..........................................................26
10.- **Concreción dos elementos transversais en cada curso** ..........................................26
11.- **Actividades complementarias e extraescolares**...................................... 27
12.- **Materiais e recursos**............................................................................. 28
13.- **Contribución ao proxecto lector**................................................................. 29
14.- **Contribución ás TIC**................................................................................. 29
15.-**Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación** .................30

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O currículo debe adaptarse ás características dos alumnos e ó contexto no que se desenvolve o proceso educativo, é dicir, debe ser un elemento máis dun proxecto educativo que responda ós intereses, necesidades e trazos específicos do contexto histórico, social, cultural e natural desta comunidade autónoma, sen o desligar doutros contextos máis amplos.

Galicia é unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, debido a que posúe evidentes aspectos específicos xeográficos, históricos, culturais e lingüísticos, xa que ten lingua propia, a diferencian doutras comunidades, e debido tamén a que manifestou a súa vontade autonomista plebiscitariamente nos anos 30 que foi plasmada, por vez primeira, no Estatuto de 1936 e, despois, no actual ordenamento constitucional e estatutario de 1981.

Tendo en conta o anterior o estudo científico dos aspectos xeográficos, históricos, artísticos e antropolóxicos do noso país teñen unha grande trascendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual, polo tanto esta materia curricular debe ter a misión de achegarlle ao alumnado unha visión crítica e integral do pasado e do presente da súa propia Comunidade ademais de ter outras funcións como a de formar unha cidadanía responsable, comprometida coa recuperación da identidade colectiva de seu e participativa na construción dunha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas.

Con referencia a competencia social, na avaliación de diagnóstico, concluimos na necesidade de traballar a lectura e comprensión de documentos históricos, artísticos e xeográficos xunto coa descripción e analise de gráficos, taboas e imaxes.

## 2.-AS COMPETENCIAS CLAVE NA AREA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

A LOMCE establece que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias son as sete seguintes:

1.º Comunicación lingüística.
2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3.º Competencia dixital.
4.º  Aprender a aprender.
5.º Competencias sociais e cívicas.
6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7.º Conciencia e expresións culturais.

As competencias que o alumnado desta etapa educativa debe ter adquiridas na etapa educativa anterior, por iso só faremos unha referencia moi somera a este aspecto centrándonos en aquelas que deben ser reforzadas especialmente.

a) Competencia lingüística centrarase na adquisición do vocabulario específico da materia en lingua galega.

b) Competencia social e cidadá que permita ao noso alumnado desenvolver habilidades sociais, establecer escalas de valores, convivir en liberdade e harmonía e exercer unha cidadanía responsable no exercicio dos seus dereitos e na asunción dos seus deberes. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que deben permitir participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.Empregarase a reflexión sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes (tanto no pasado como no presente). Potenciarase o diálogo a través da participación en debates nos que se expresen as propias ideas e se escoiten as dos demais. Buscarase tamén o desenvolvemento do sentido colaborativo e participativo por medio da elaboración de traballos en grupo

c) Competencia para aprender a aprender e consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal, favorecendo o coñecemento e valorando criticamente as realidades de Galicia, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

d) Competencia no tratamento da información e competencia dixital que permita buscar e obter información, procedente de fontes variadas, formular criterios de sele- cción e realizar análises críticos da mesma que se tratará de desenvolver por medio de traballos específicos da materia.

e) Competencia cultural e artística para desenvolver a sensibilidade artística, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural empregando como punto de partida o estudo da arte galega.

f) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico para valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DENTRO DO PERFIL COMPETENCIAL

As competencias clave anteriormente citadas concrétanse, para o caso de Xeografía e Historia de Galicia de 2º Bacharelato, nos seguintes estándares de aprendizaxe que nos serven para trazar o **perfil competencial** deste curso .

| COMP. CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / XEOGRAFÍA E HISTRORIA DE GALCIA |
|---|---|
| **CCL** | XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico.<br>XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior.<br>XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización.<br>XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.<br>XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.<br>XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.<br>XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna.<br>XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa.<br>XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.<br>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas.<br>XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións.<br>XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais.<br>XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais. |
| **CD** | XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.<br>XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.<br>XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc.<br>XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.<br>XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana.<br>XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.<br>XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade. |

| | |
|---|---|
| | XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións.<br>XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan.<br>XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas.<br>XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime.<br>XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego.<br>XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia. |
| **CSC** | XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.<br>XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.<br>XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.<br>XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX.<br>XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións.<br>XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico.<br>XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio.<br>XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.<br>XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.<br>XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.<br>XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.<br>XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna.<br>XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica.<br>XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa.<br>XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego.<br>XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia.<br>XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.<br>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento |

| | |
|---|---|
| | e as súas consecuencias sociais e políticas.<br>XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións.<br>XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais.<br>XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais.<br>XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental.<br>XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. |
| **CCEC** | XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.<br>XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.<br>XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana.<br>XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.<br>XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior.<br>XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización.<br>XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan.<br>XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.<br>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas.<br>XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións.<br>XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais.<br>XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais.<br>XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental.<br>XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento |

| | |
|---|---|
| | económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. |
| **CAA** | XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.<br>XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.<br>XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfológicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica.<br>XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc.<br>XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico.<br>XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio.<br>XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.<br>XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.<br>XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas.<br>XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa.<br>XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais.<br>XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental.<br>XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. |
| **CMCCT** | XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfológicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica.<br>XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc.<br>XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.<br>XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana.<br>XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.<br>XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio.<br>XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas.<br>XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime.<br>XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego. |

| | |
|---|---|
| | XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia.<br>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas. |

## 4. Concreción de obxectivos en relación coa Xeografía e Historia de Galicia de 2º Bacharelato

a Recoñecer a existencia de aspectos naturais, culturais e históricos, que definen a Galicia como nacionalidade histórica

b Analizar as repercusións das actividades humanas sobre o medio físico e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora

c Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos de cambio e os feitos máis relevantes da historia de Galicia e as características do seu territorio, das formas de poboamento e da paisaxe, para comprender a súa evolución ata o presente.

d Coñecer as características das transformacións económicas, sociais, políticas e culturais que se produciron en Galicia desde o século XVIII, para comprender a especificidade da súa integración no escenario estatal e nos mercados mundiais.

e Desenvolver unha perspectiva actualizada e integradora da historia de Galicia, que potencie actitudes de solidariedade, compromiso coas normas que regulan o ordenamento constitucional e o marco estatuario

f Seleccionar e analizar información procedente de diversas fontes aplicando as técnicas propias das ciencias sociais para explicar documentos escritos, imaxes, mapas e gráficos en diversos soportes, desenvolvendo a capacidade de interpretación crítica.

**5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e temporalización)**

# 1. Aspectos metodolóxicos

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B1.1. Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas básicas de investigación en ciencias sociais, como seleccionar a información relevante en fontes diversas primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e analizala criticamente no marco das explicacións actuais sobre o pasado colectivo e a conformación da identidade xeográfica e histórica galega, utilizando con rigor o vocabulario específico da materia. | XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega. | 1º | Proba escrita e oral | 1.1.1.Formula dous razonamentos coherentes. | CAA<br>CD<br>CCEC<br>CSC |

## 2. O medio físico de Galicia: relevo, clima e formas de hábitat

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo. | XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfolóxicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica. | 1º | Proba escrita | 1.1.1.Sitúa tres unidades e explica as súas principais características. | CMCCT<br>CAA |
| B2.2. Distinguir as variantes climáticas galegas, sinalando os elementos e os factores que as conforman. | XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc. | 1º | Proba escrita | 2.1.1.Explica dúas características de cada variante climática. | CMCT<br>CAA<br>CD |
| B2.3. Describir as cuncas fluviais galegas e analizar o aproveitamento destes recursos hídricos. | XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable. | 1º | Traballos con mapas | 3.1.1.Localiza as cuncas fluviais e cita algún aproveitamento | CMCCT<br>CD<br>CSC |
| B2.4. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais de Galicia e relacionar o | XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana. | 1º | Traballos con mapas e imaxes | 4.1.1.Sinala tres características de cada unha das imaxes ou mapas a comentar | CMCCT<br>CD<br>CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| medio natural coa actividade humana. | | 1º | Traballos con mapas e imaxes | | |

# 3. A poboación e os sectores produtivos de Galicia

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B3.1.Analizar a realidade demográfica galega e a súa evolución histórica, e comprender os factores que a determinan e a cuestión do avellentamento poboacional. Identificar as redes urbanas de Galicia. | XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia. | 1º | Proba escrita | 3.1.1.Explicar tres factores que provocan o avellantamento poblacional.<br>Nun mapa sinalr as principais redes urbanas | CMCCT<br>CD<br>CCEC<br>CSC |
| B3.2. Identificar o espazo rural e as actividades do sector primario (agricultura e gandaría). Apreciar a importancia do mar na economía e na sociedade galegas (evolución das técnicas de pesca e industrialización do sector), así como os | XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX. | 1º | Proba escrita | 3.2.1.Explica cinco características sobre cada un dos temas a desenvolver | CSC<br>CSIEE |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| riscos e as oportunidades da explotación forestal. | | | | | |
| B3.3. Recoñecer os factores da industria en Galicia. Describir os eixes de desenvolvemento industrial. Identificar as liñas mestras da problemática industrial galega. | XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade. | 1º | Proba escrita | 3.1.1.Citar tres factores e localizar nun mapa os principais eixes de desenvolvemento industrial. | CD<br>CSIEE |
| B3.4. Analizar a terciarización da economía galega, utilizando as fontes dispoñibles na rede e na bibliografía. Coñecer as pautas do seu desenvolvemento e os seus sectores. | XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións. | 1º | Proba con gráficos e imaxes | 4.1.1.Sinala tres características de cada unha das imaxes ou gráficos a comentar sobre a terciarización da economia. | CSC<br>CD<br>CSIEE |

# 4. As raíces históricas de Galicia

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B4.1. Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a | XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do | 2º | Proba escrita | 1.1.1.Explica tres características do Paleolítico, o | CCL<br>CAA |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| formación histórica da identidade de Galicia. Coñecer a cronoloxía dos feitos culturais da prehistoria, as principais estacións arqueolóxicas e as características principais dos achados materiais, e valorar a súa significación documental. | Paleolítico e o mundo megalítico.<br>XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio.<br>XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior. | | | mundo megalítico, a época da metalurxia e o mundo castrexo en Galicia. | CSC<br>CMCCT<br>CCEC |
| B4.2. Explicar a globalidade do fenómeno coñecido como a romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio. | XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización. | 2º | Proba escrita | 2.1.1.Explica cinco características da romanización en Galicia | CCL<br>CCEC |
| B4.3. Procurar información sobre a monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos. | XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social. | 2º | Traballos con mapas | 3.1.1.Localiza o âmbito territorial e explica as principais características desa monarquía | CCL<br>CAA<br>CSC |
| XHGB4.3.1. Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos | XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de | 2º | Traballos con mapas, imaxes e gráficos | 4.1.1.Sinala tres características de cada unha das imaxes , gráficos e | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego. Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fondamente estamental, valorando a importancia cardinal do camiño de Santiago.s características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social. | Galicia nese proceso.<br>XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.<br>XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan. | | | mapas a comentar sobre a evolución política, a estrutura social e o camiño de Santiago | CCEC<br>CD |

# 5. Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B5.1 Analizar e explicar os cambios estruturais producidos en Galicia durante o | XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as | 2º | Proba escrita | 1.1.1.Define de forma precisa seis conceptos | CCL<br>CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo. | características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época. | | | | |
| B5.2. Explicar as peculiaridades do intenso crecemento da demografía galega na Idade Moderna, a pronta superación da crise do século XVII e o forte crecemento experimentado no século XVIII, facendo referencia ao caso específico de Ferrol en relación co establecemento do arsenal e do estaleiro real. | XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas. | 2º | Traballo con gráficos | 2.1.1.Explica cinco características das tendencias demográficas. | CD<br>CAA<br>CMCCT |
| B5.3. Analizar a estrutura xeral dun sistema produtivo de Antigo Réxime de base agraria e economía de subsistencia. Explicar as claves de acumulación de capital necesarias para o desenvolvemento comercial e | XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime. | 2º | Traballo con imaxes | 3.1.1.Explica as características principais do sistema produtivo, así coma tres factores do desenvolvemento comercial. | CD<br>CMCCT |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| manufactureiro. | | | | | |
| B5.4. Describir as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime. | XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna. | 2º | Proba escrita | 4.1.1.Sinala tres características da sociedade estamental | CCL<br>CSC |
| B5.5. Describir as principais institucións galegas da Idade Moderna: Xunta do Reino de Galicia, Real Audiencia, Real Intendencia e concellos. | XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica. | 2º | Proba escrita | 5.1.1.Identifica as institucións e as súas funcións. | CSC |

# 6. Inercias e transformacións: Galicia no tránsito ao liberalismo

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B6.1. Caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e os movementos sociopolíticos que propiciaron a evolución histórica da Galicia contemporánea, desde una sociedade rexida baixo o predominio dos | XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, | 2º | Proba escrita | 1.1.1.Define de forma precisa as correntes ideolóxicas | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| grupos sociais tradicionais ata o triunfo do liberalismo. | inclusiva e participativa. | | | | |
| B6.2. Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade. | XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego.<br>XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia. | 2º | Proba escrita | 2.1.1.Explica tres características dese proceso. | CMCCT<br>CD<br>CSC |
| B6.3. Explicar a arquitectura do proceso político e institucional ideado por Cánovas del Castillo e a súa aplicación en Galicia. Fortalezas e debilidades da quenda pacífica. | XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | 2º | Proba escrita | 3.1.1. Elabora un comentario sobre ese proceso | CCL<br>CSC<br>CCEC |

# 7. Galicia no camiño da modernización (1874-1936)

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B7.1. Describir as características da | XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución | 2º | Proba escrita | 1.1.1.Cita tres características dese proceso | CCL<br>CMCTT |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia do primeiro terzo do século XX, e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais. | económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas. | | | | CSC<br>CCEC |
| B7.2. Explicar a evolución política de Galicia durante a II República ata o comezo da Guerra Civil. | XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | 2º | Proba escrita | 2.1.1.Explica cinco características sobre cada unha das ideoloxías | CCL<br>CSC<br>CCEC |

# 8. Galicia durante a Guerra Civil e o Franquismo

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B8.1. Analizar a Guerra Civil e coñecer as características esencias da posguerra e a economía autárquica propia do primeiro franquismo. | XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais. | 3º | Proba escrita | 1.1.1.Elabora un comentario de texto coas principais características dese periodo | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |
| B8.2. Diferenciar as características do franquismo na súa | XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema | 3º | Proba escrita | 2.1.1.Explica cinco características sobre cada unha | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron. | e as súas características esenciais. | | | das etapas do franquismo. | CSIEE |

# 9. Galicia na actualidade

| CRITERIOSDE AVALIACIÓN | ESTÁNDARESDE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN (1º, 2º, 3º trimestre) | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMA | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|
| B9.1. Describir as características do proceso autonómico en Galicia, identificar as características do Estatuto de autonomía no marco da Constitución de 1978 e coñecer as organizacións e os persoeiros que protagonizaron os cambios políticos, económicos, sociais e culturais na Galicia do último cuarto do século XX. | XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental. | 3º | Proba escrita | 1.1.1.Sinala as principais características do proceso autonómico. | CAA<br>CSC<br>CCEC |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B9.2. Analizar a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español en comunidades autónomas, e a importancia do ingreso na Unión Europea, que achegou as condicións de vida da sociedade galega aos niveis de liberdades políticas e benestar da Europa máis desenvolvida. Analizar e describir as dificultades e as oportunidades que se lle presentan na actualidade á sociedade galega. | XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. | 3º | Proba escrita | 2.1.1. Realiza un comentario sinalando os puntos clave da organización política e territorial da Galicia actual. | CAA<br>CSC<br>CCEC |

## 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As probas obxectivas non serán o único instrumento de avaliación. Sinálase tamén a porcentaxe que se lle fará corresponder, de xeito xenérico, ás múltiples actividades que complementan os exames ou probas obxectivas. Recalcamos e concretamos estes aspectos:

No Bacharelato as actividades diarias repercutirán na nota, de xeito xenérico, nunha porcentaxe do 5%, as probas obxectivas suporán o 90% da nota final e o 5% restante corresponde o traballo e a motivación do alumno/a na clase diaria. Tódalas actividades desenvolvidas terán repercusión na nota final. O alumnado que non acade unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada unha das avaliacións trimestrais terá a oportunidade de supera-la materia mediante probas obxectivas de recuperación de carácter trimestral e/ou unha proba de recuperación no último mes do curso para aqueles alumnos que non teñan suspensa máis de unha avaliación, todo isto sen perxuizo do carácter formativo e continúo da avaliación. En caso de obter nota inferior a 5 puntos o alumnado ten dereito a realizar a proba extraordinaria de setembro, que elabora e corrixe o departamento.

O número de probas escritas será como mínimo de 1 proba obxectiva por avaliación.

## 7.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar a práctica docente utilizaremos a seguinte táboa de avaliación:

| AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE | | | |
|---|---|---|---|
| ELEMENTOS | CRITERIOS | RESULTADOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
| **Adecuación aos tempos fixados na programación didáctica** | Temporalización | | |
| | Secuenciación | | |
| **Metodoloxía** | Interdisciplinariedade | | |
| | Diversidade de metodologías | | |
| | Fomento da motivación e participación | | |
| | Equilibrio no traballo coas distintas destrezas | | |
| **Recursos** | Variedade | | |
| | Diversidade de soporte | | |
| | Adecuación ao nivel | | |
| **Avaliación** | Diversidade de instrumentos | | |
| | Aplicación dos criterios de cualificación | | |
| | Información ao alumnado do tipo e cualificación das probas | | |
| **Coordinación** | Entre todo o profesorado | | |
| | Entre profesorado do mesmo nivel | | |
| | Con profesorado doutros dep. de linguas | | |

## 8.- METODOLOXÍA

Utilizarase unha metodoloxía expositiva e indagatoria que leva a unha aprendizaxe a través de pequenas investigacións por parte dos alumnos e alumnas. Únese a esto unha metodoloxía activa e práctica para indagar sobre a revisión de coñecementos previos do alumnado. A continuación, haberá unha explicación de cada unidade acompañada de material práctico e uso das TIC, con tarefas prácticas e dos contidos máis cercanos do alumno e alumna.
Combinaranse actividades individuais e colectivas (debates, postas en común, etc.), partindo sempre do máis cercano ao máis lonxano, de aspectos xeográficos, históricos, artísticos ou culturais que estean no contorno máis próximo ao alumnado para que establezan relacións e similitudes, que lle serva como exemplos ou modelos, co máis afastado a eles.

A metodoloxía empregada enmárcase dentro dunha concepción construtivista da aprendizaxe e será basicamente colaborativa, intentando atender á diversidade da aula. Unha concepción construtivista da aprendizaxe supón implicar o individuo para que aporte as súas estruturas previas á situación de aprendizaxe e ir construíndo o novo significado a partir delas.
Esta metodoloxía levarase a cabo da seguinte forma:

- Exposición por parte do profesor, presentando os contidos dunha forma atractiva e útil para estimular e activar ao alumnado.
- Debate. O debate resulta enriquecedor das ideas. Este debate pode ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesorado. Optamos así por unha metodoloxía na que construímos entre todos os novos coñecementos.
- Traballo práctico apropiado.
- Realización de exercicios
- Traballos de investigación. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento.
- Traballos en grupos. Complementando o debate é interesante que o alumnado aprenda a confrontar as súas propias ideas coas das compañeiras e compañeiros e ser capaces de dar solucións conxuntas a problemas de maior dificultade que os que realizan individualmente. Así se afarán a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, a escoitar, a compartir as tarefas, a tolerar, a respectar ós demais,…
- Diversidade nos recursos, será moi importante nesta tarefa contar e rendibilizar en todo o posible a variedade de recursos dos que se dispoña. Dada a importancia social que hoxe en día teñen as tecnoloxías da información e a comunicación, estas xogarán un papel moi importante á hora buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Dotaremos así ao alumnado de instrumentos intelectuais que lles permitirán interpretar, representar, analizar, explicar, criticar, descubrir e predicir determinados aspectos da realidade.
- Inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura, a través dos recursos utilizados na clase .
- Traballo por proxectos. A través desta metodoloxía de innovación educativa e con carácter multidisciplinar o alumnado realizará actividades que lle servirán para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento e completar a súa formación en varias disciplinas.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O obxectivo da ensinanza secundaria obrigatoria é atender as necesidades educativas de todos os alumnos, pero estes contan con distinta formación, intereses, necesidades,.. O tratamento da diversidade debe producirse desde o momento da detención dos distintos niveis de coñecementos e actitudes dos alumnos. Por iso, a atención a diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplaremos a tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais.
Atención á diversidade na programación
A programación terá en conta que non todos os alumnos adquiren ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso se deseña de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos o final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos nos adquiridos no seu momento.
A atención á diversidade no programa de Xeografía concrétase, sobre todo, na súa programación circular ou en espiral. Este método consiste en prescindir dos detalles no primeiro contacto do alumno cun tema e preocuparse por ofrecer unha visión global do mesmo.
Atención á diversidade na metodoloxía
No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido pode ser debida, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiados difíciles para o nivel do alumno, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non da tempo para unha adecuada comprensión. Debido a este feito organizaranse as actividades e problemas en actividades de consolidación, reforzo e ampliación, nas que poidan traballar ou afondar os alumnos menos ou máis adiantados.
Nin tódolos alumnos deben realizar tódalas actividades, nin estas teñen que ser sempre as mesmas para todos. As actividades abertas posibilitan o afondamento nas mesmas segundo o grao de desenvolvemento intelectual, a capacidade persoal e os coñecementos de cada un.
Polo tanto, cada Unidade Didáctica incluirá un gran número de actividades, con niveis de dificultade diferente, que permita unha selección axustada ás necesidades de cada alumno.
Nos casos extremos, ou de atención a necesidades educativas especiais, se levarán a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa.
Tamén en estreita colaboración co Departamento de Orientación se traballa co alumnado que precisa de Adaptacións Curriculares.

## 10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O presente documento mostra integradas as ensinanzas transversais nos obxectivos, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación. A Xeografía e Historia concretará a súa relación coas ensinanzas transversais nas propostas de aula.

Podemos mostrar a vinculación coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ao desenvolvemento de actitudes como:

- A tolerancia intelectual para aceptar e estar aberto a obras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios, asumindo que a discrepancia é necesaria para alcanzar solucións máis ricas e integradoras,

- Crítica ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.
- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas presentes nos nosos costumes e recuperación e integración do patrimonio cultural das mulleres.
- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos.
- Valoración dos dereitos humanos como un conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de violación destes, así como de todo tipo de discriminación por razóns de idade, sexo, raza, nacionalidade e relixión.

Tamén a educación para a saúde, para o consumo, ambiental e viaria cobran importancia subliñando actuacións vinculadas a contidos do seguinte tipo:
- Interese por coñecer e gozar de obras e obxectos artísticos.
- Contribución á conservación do patrimonio natural, histórico e artístico, especialmente o de Galicia.
- Interese por descubrir e coñecer territorios e paisaxes de distinto tipo.
- Disposición favorable á conservación e mellora do medio natural.
- Recoñecemento dos graves problemas aos que se enfronta a vida humana sobre a Terra.
- Sensibilidade cara á racionalización no uso dos recursos naturais.
- Actitude crítica ante a repartición desigual dos recursos e solidariedade cos que sofren escaseza de alimentos e recursos.
- Disposición activa á cooperación por conservar os restos e vestixios do pasado.

## 11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Dentro do Departamento programaranse para os distintos niveis saídas de campo polo contorno do Centro e no propio Concello de Valga. Ademais están previstas saídas para completar o currículo do alumnado, a distintos museos como o de Pontevedra, Lugo ou o do CGAC en Santiago. Tamén a visita a cidade de Santiago, a espazos naturais de especial interese como os espazos que percorren o río Miño, un parque eólico, a un ou varios medios de comunicación, a algunha industria, outros lugares de interese como Meteogalicia, áreas da natureza, espazos arqueolóxicos….
Visita a espazos naturais, económicos e artísticos dos concellos dos arredores (Caldas, Moraña, Cuntis),

Todas estas saídas estarán en función da dispoñibilidade horaria do centro ou lugar a visitar, así como de cómo se desenvolvan os contidos.

Dentro do propio centro desenvolverase a toma de datos (como a de datos meteorolóxicos) en relación coa materia de Xeografía, e actividades complementarias en datas ou feitos sinaladas nas materia de Historia. Tamén, en determinados cursos, participarase no programa Prensa Escola de La Voz de Galicia e dentro do Plan Proxecta participaríase no Proxecto Terra ou en Meteoescolas.

Tamén se intentará dentro da dispoñibilidade horaria e de contidos, a interdisciplinariedade con outros departamentos, caso do de Bioloxía ou os de Linguas.

## 12. MATERIAIS E RECURSOS

Os recursos a utilizar serán:

Atlas

Cartografía

Observación directa nos traballos de campo

Tamén se poderán utilizar os seguintes instrumentos dependendo dos tipos de contidos que se avalíen:

- □ Probas escritas e/ou orais
- □ Traballos individuais e colectivos
- □ Mapas e gráficos xeográficos e históricos
- □ Fichas de control de clase
- □ Exercicios de clase
- □ Traballos de campo
- □ Xornal

- Fotocopias de follas de actividades.
- Textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos,… e recortes destes.
- Libros divulgativos recomendados para ao alumnado.
- Vídeos educativos
- Diapositivas
- Uso do ordenador na aula en deteminadas sesións

## 13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Este curso, ademais das actividades propias do acontecer diario na aula: lecturas en alto de traballos elaborados polo propio alumnado, lectura de textos que complementan a dos propios libros de texto, textos extraídos de xornais ou publicacións periódicas,...), o Departamento propiciará:

O uso da Biblioteca do centro en colaboración co profesorado encargado da mesma.

A utilización nas clases da Biblioteca de aula xestionadas polo profesorado responsable da Biblioteca do centro.

A recomendación da lectura de libros relacionados co ámbito social e histórico. Así como a súa promoción, reflectindo en Bacharelato o aproveitamento destas lecturas en notas parciais ou finais da materia. Este aproveitamento deberá ser demostrado non só coa presentación de traballos, senón tamén co seguimento que o profesor deberá facer das lecturas escollidas polo alumnado (entrevista persoal, exposición dalgún dos temas, debate na aula con profesor e resto de compañeiros,...).

E en definitiva colaboración cos profesores responsables da Biblioteca en divulgar e promover as súas iniciativas de fomento da lectura.

## 14. CONTRIBUCIÓN ÁS TIC

Recomendaranse páxinas web nas que o alumnado poderá investigar pola súa conta temas de interese, ademais do uso da aula virtual da páxina web do Centro para utilizar a plataforma Moodle.

Neste curso, ó igual que no pasado, agardamos contar cunha axeitada dispoñibilidade do material informático do centro.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación da aplicación da programación farase nomeadamente a través das reunións de Departamento, onde se revisará periodicamente a súa aplicación, así coma os posibles cambios que haxa que efectuar na mesma de ser necesario no decorrer do curso. Todos os acordos serán recollidos nas correspondentes actas de reunión. Amais disto, ao final de curso farase unha reflexión xeral sobre a aplicación da programación atendendo aos seguintes criterios:

| AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | | SI/NON | **PROPOSTAS DE MELLORA** |
|---|---|---|---|
| **Temporalización e recursos** | Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. | | |
| | Existe unha distribución equilibrada. | | |
| | A secuenciación é axeitada | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes | | |
| | Os libros de texto e os libros de lectura propostos axústanse ao desexado | | |
| Estándares de aprendizaxe | O grao de conseución mínimo fixado está ben axustado | | |
| | Os intrumentos de avaliación son os idóneos | | |
| | O traballo con competencias está equilibrado | | |
| Avaliación | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer:<br>- aos alumnos<br>- ás familias | | |
| | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar distintas variables da aprendizaxe | | |